

EXPEDIENTE: 2025/E001/000007 (relacionado co expediente 2025/A008/000029)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 ASISTENTE DE DIRECCIÓN E ADMINISTRATIVO/A (CNO 3613) PARA O PROXECTO “GARANTÍA XUVENIL DODRO 2025”, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS QUE CONTRATEN PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+GALICIA 2021-2027

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Logo de ver o expediente que se tramita relativo á ao proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 1 asistente/a de dirección e administrativo/a (CNO 3613) para o proxecto “GARANTÍA XUVENIL DODRO 2025”, ao abeiro da subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para entidades locais que contraten persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no Marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Logo de ver a proposta remitida polo Tribunal Cualificador na que se propón a contratación da aspirante que superou o proceso de selección coa maior puntuación :

- Kathrein Rama Gey con DNI ***958***

Así como a formación de lista de reserva integrada polo seguinte candidato:

- Pablo Franqueiro Edreira con DNI ***958***

Logo de ver a dilixencia da funcionaria encargada do Rexistro de Entrada e Saída de documentos do Concello de Dodro, de data 11/12/2025, resulta que, rematado o prazo para a presentación de alegacións e/ou emendas contra a proposta do Tribunal Cualificador, non foi presentada ningunha.

Comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a proposta de contratación para o posto 1 asistente/a de dirección e administrativo/a, de Kathrein Rama Gey con DNI ***958*** por ser a aspirante que obtivo a maior puntuación no proceso selectivo.

Segundo.- Aprobar a formación de lista de reserva integrada polo seguinte candidato:
Pablo Franqueiro Edreira con DNI ***958***

Terceiro.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe